



# RÉX ENERA

FESTIVAL INTERNACIONAL DE ARTE PÚBLICO · CARBALLO  
11 AL DÍO 3 A O 13 DE XUNO 2011

## | PROGRAMA |

# REXENERA

FESTIVAL INTERNACIONAL DE ARTE PÚBLICO CARBALLO

> Volve o Rexenera Fest a inundar de cor as rúas de Carballo, reunindo cada ano o mellor da escena galega, estatal e internacional do mundo da arte urbana, para así facer da nosa vila un gran museo ao aire libre que irá medrando ano tras ano.

O festival serve como unha xanela de Carballo aberta ao mundo, que sitúa no mapa á vila a través das súas rúas e favorece un turismo cultural diferente na zona urbana do concello.

Esta séptima edición terá lugar do 3 ao 13 de xuño e os artistas convidados e as artistas convidadas deste ano son:

- **Marta Lapeña** (Madrid)
- **Møu** (Galiza)
- **Franco Fasoli** (Arxentina)
- **Ana Langeheldt** (Andalucía)
- **Harsa** (Aragón)
- **Van Vuu** (Catalunya)

> Vémonos nas rúas de Carballo! Saúde e Cor!

+ Info: [www.rexenerafest.gal](http://www.rexenerafest.gal)



## MARTA LAPEÑA

Natural de Soria e fincada en Madrid, gradúase en Arquitectura de Interiores pola Universidade Politécnica de Madrid e posteriormente decide, por vocación, entregarse á pintura e á investigación e o coñecemento de diferentes técnicas. A súa traxectoria inclúe a participación en diferentes galerías, feiras de arte, centros culturais e festivais de arte urbana.

A súa obra sitúase entre a pintura e o muralismo, unhas veces materializada en proxectos específicos e outras, en propostas más experimentais, influenciada por temas sociais que lle preocupan.



## MØU

Artista multidisciplinar cunha carreira marcada polo deseño gráfico, o muralismo e a música, é cofundador do estudio Mutante Creativo, ademais de co-director e comisario en eventos de arte urbana como o DesOrdes Creativas (Ordes), Cromático (Cambre), Contemporánea (Compostela) ou o propio Rexenera Fest (Carballo).

É Titulado en gráfica publicitaria pola escola Pablo Picasso da Coruña, de aí a influencia do deseño gráfico na súa obra, crea un estilo onde predomina unha paleta de cor reducida e desaturada, creando volume a través de formas planas, todo reforzado cunha liña persistente e limpia.



ESTAMBUL, TURQUÍA 2013

## FRANCO FASOLI

Nacido en Bos Aires no 1981, Franco Fasoli é un dos artistas máis coñecidos do panorama arxentino.

A arte de Fasoli introduce na súa obra as vívidas contradicións das sociedades latinoamericanas, os seus ritos e a súa aparente perpetua inestabilidade.

A tensión entre a cultura global dominante e as subculturas coma espazos de resistencia influírono tanto a nivel conceptual como nas súas accións ao largo da súa carreira. Múltiples formas de identidade individual e colectiva forman a columna vertebral sociolóxica do seu traballo.



## ANA LANGEHELDT

Conocida como Lahe178 é unha artista de vocación dende moi nova, estuda na universidade de Belas artes de Sevilla, e é precisamente nesta cidade onde encontra a inspiración máis patente na súa obra, a súa historia, o folclore e a estética, combinando e enfrentando a tradición coa contemporaneidade dentro dun marcado estilo onírico e barroco.

Traballa para diferentes marcas e clientes como freelance e conta con numerosas exhibicións como Montana Gallery, SC Gallery Bilbao, Caixa Forum Sevilla, entre outras, así como premios e publicacións diversas no campo das belas artes e da arte urbana.



## VAN VUU

Cultiva o debuxo desde pequeno, pero é durante os anos debacharelato cando Floro comeza a pintar a diario en fábricas e lugares abandonados. Decide non seguir unha formación artística clásica e en 2014 comenza a empregar a pintura ao óleo, que aprende a manexar observando a pintura dos grandes mestres a través da pantalla do ordenador. Pouco despois, asiste asiduamente a sesións de retrato ao natural xunto a amigos pintores da escena contemporánea barcelonesa. Con un estilo pictórico cercano ao impresionismo, as temáticas tratadas nas súas obras, versátiles e frescas, derivan da súa pertenza á xeración dos 90. Seriedade e ironía mestúranse para captar recordos da infancia ou imáxenes do presente tintadas de referencias á contracultura actual.



## HARSA

Harsa é unha artista multidisciplinar que traballa dende fai anos para unha ampla gama de proxectos creativos e marcas. A súa obra está moi vencellada á ilustración contemporánea, con claras referencias á cultura popular e a ilustración dos anos 50 e 60.


Diversifica o seu traballo entre colaboracións con axencias de publicidade, editoriais, exposicións e festivais de arte. As súas creacións aparecen en moi diversas áreas (editorial, publicidade, capas para libros, packaging, moda, deseño, etc...) Publicou en España, México e Arxentina e ten exposto tamén en Italia, Austria, Escocia e Croacia.

- ARTISTAS 2021 -

- 1 FRANCO FASOLI
- 2 VAN VUU
- 3 ANA LANGEHELDT
- 4 HARSA
- 5 MARTA LAPEÑA
- 6 MØU

- ARTISTAS 2015 a 2020 -

- 1 DULK
- 2 CASE
- 3 ARYZ
- 4 NADA
- 5 SATURNO
- 6 MILU CORRECH
- 7 BORDALO II
- 8 SOKRAM
- 9 ANIMALITOLAND
- 10 SEKONE
- 11 NÖMADA
- 12 LULA GOCE
- 13 DOA
- 14 PICHIAVO
- 15 HYURO
- 16 CURIOT
- 17 SATR
- 18 NOVE NO3L
- 19 JORIT
- 20 MILLO
- 21 XOANA ALMAR
- 22 BOSOLETTI
- 23 SABEK
- 24 ISAAC MAHOW
- 25 ELISA CAPDEVILA
- 26 ISAAC CORDAL
- 26 CINTA VIDAL
- 28 PIXEL PANCHO
- 29 DANIEL MUÑOZ "SAN"
- 30 MILU CORRECH
- 31 MARINA CAPDEVILA
- 32 LIDIA CAO
- 33 NATALIA RAK
- 34 YOSEBA MP
- 35 RESKATE



# PROGRAMACIÓN

## > ARTISTAS CONVIDAD@S:

**Marta Lapeña** (Madrid)

Muro en rúa da Fábrica nº 49

Do 4 ao 13 de xullo

**Møu** (Galiza)

Muro en rúa Rosalía de Castro nº 29

Do 7 ao 13 de xuño

**Franco Fasoli** (Arxentina)

Muro en rúa Río Miño nº 33-35

Do 3 ao 10 de xuño

**Ana Langeheldt** (Andalucía)

Muro en rúa Río Mandeo nº 24

Do 5 ao 13 de xuño

**Harsa** (Aragón)

Muro en rúa Xasmins, nº 36

Do 4 ao 13 de xuño

**Van Vuu** (Catalunya)

Muro en Avda. A Milagrosa, nº 29

Do 5 ao 13 de xuño

## > ENCONTROS NAS ALTURAS (*Directos en Instagram*)

Conversa en directo cos artistas convidad@s.

**Datas e horarios:** Publicaranse nas redes sociais do Rexenera Fest.

## > VISITAS GUIADAS

**Datas:** Do 3 ao 13 de xullo de 11.00 a 12.00 e de 20.00 a 21.00

**Grupos:** Máximo 8 persoas (Todos os públicos)

**Lugar de saída:** Museo de Bergantiños (Rúa Martín Herrera nº8)

**Inscrição previa:** En turismo@carballo.gal ou no 981 702 077

## > XOGO DE PISTAS PARA FAMILIAS

A través deste xogo, adultos e cativos compartirán momentos de diversión ao tempo que coñecen máis da arte urbana de Carballo.

**Datas:** Do 3 ao 13 de xuño (Todos os públicos)

**Inscripción e recollida de pistas:** Museo de Bergantiños (Rúa Martín Herrera nº 8)

Premios para os participantes que rematen o xogo

## > BUSCANDO OURO

Con este xogo de pistas, a modo dunha peculiar busca do tesouro, xs participantes terán que mergullarse de cheo na arte urbana esparexida polas rúas de Carballo, resolver as pescudas que se lle vaian facilitando e descifrar as incógnitas inxeridas nos propios murais para poder chegar á meta e atopar o ansiado ouro.

**Datas:** 12 de xuño de 19.00 a 21.00 (a partir de 14 anos)

**Inscripción e recollida da primeira pista e normas:**  
Museo de Bergantiños (Rúa Martín Herrera nº 8)

**Premios:** Obra gráfica de edición limitada de artistas participantes e pack de merchandising para os 3 primeiros en finalizar a búsqueda.

**Organiza:** Concello de Carballo


**Coordina:** Mutante Creativo



concello de  
**CARBALLO**



car**B**allo  
turismo



[WWW.REXENERAFEST.GAL](http://WWW.REXENERAFEST.GAL)



@rexenerafest